



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS

1. NORMAS XERAIS

Art.1) Categorías dos atletas veteranos

HOMES		MULLERES	
	CATEGORÍAS		CATEGORÍAS
M-40	De 40 a 44 anos	W-35	De 35 a 39 anos
M-45	De 45 a 49 anos	W-40	De 40 a 44 anos
M-50	De 50 a 54 anos	W-45	De 45 a 49 anos
M-55	De 55 a 59 anos	W-50	De 50 a 54 anos
M-60	De 60 a 64 anos	W-55	De 55 a 59 anos
M-65	De 65 a 69 anos	W-60	De 60 a 64 anos
M-70	De 70 a 69 anos	W-65	De 65 a 69 anos
M-75	De 75 a 79 anos	W-70	De 70 a 69 anos
M-80	De 80 a 84 anos	W-75	De 75 a 79 anos

Art.2) As competicións propias de atletas veteranos que vai organizala Federación Galega de Atletismo durante a tempada 2009/2010 circularanse coa suficiente antelación.

Art.3) Para competir nos Campionato s Galegos compre estar en posesión da licenza federativa galega correspondente.

Art.4) E obrigatorio empregala indumentaria oficial do clube ó que pertenza o atleta. Os atletas independentes non poden levar ningún tipo de publicidade, só o logotipo do fabricante do material deportivo (Ver regulamento de publicidade da RFEA).

Art.5) O Xuíz Arbitro poderá impedila participación ou descalificar a aqueles atletas indebidamente equipados, ou ós que non vistan co preciso decoro, ou a os que non cumpran a normativa da IAAF sobre publicidade.

Art.6) Os atletas previamente inscritos no prazo legal nunha competición deberán **confirmala súa participación** ca antelación mínima que se indica no presente cadro, sin ter en conta o posible retraso que poidera existir no seu desenvolvemento:

TIPO DE COMPITIÇÃO	CONFIRMACIÓN	TEMPO MÍNIMO
Probas individuais de pista	O propio Atleta	45 minutos
Fondo / marcha	O propio atleta	30 minutos (*)
Competicións de cross	O Delegado oficial	30 minutos (*)

(*) Do inicio da primeira carreira ó concurso da Competición

Art.7) Durante o transcurso dun Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben tendo confirmado a súa inscrición, non participe sin dar unha razón válida.

Art.8) Autorízase a participación de 2 ou 1 atleta tan só, non sendo precisa a presenza de 3 atletas para realizala proba.



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS

Art.9) Nas probas de valados de igual distancia pero distinta altura de valas autorízase a correr á vez, deixando unha rúa de seguridade.

Art.10) Nas probas de velocidade non será obrigatorio o emprego de tacos (catro apoios en listos), podendo facerse de pe.

Art.11) Nas probas de lanzamentos as categorías con pesos de artefactos idénticos a categoría absoluta faránse por separado das demais categorías.

Art.12) Durante un Campionato, cada atleta participará na categoría que lle corresponda o primeiro día do mesmo e non participará en ningunha outra categoría.

Art.13) Permítese a participación conxunta de Homes e Mulleres, sendo válidos os récords obtidos.

Art.14) Os atletas poderán competir nunha competición inferior (baixarse de categoría) nas competicións nas que se disputan por equipos. Neste caso únicamente optarán ó título individual nesta categoría e non na súa.



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS



2. CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES VETERANOS INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

Art.1) Poderán participar todos os **atletas federados** das seguintes categorías (homes e mulleres) que se atopan en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2009/10) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezan a clubes doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións

A nivel individual:

HOMES	MULLERES
M-35 De 35 a 39 anos	F-35 De 35 a 39 anos
M-40 De 40 a 44 anos	F-40 De 40 a 44 anos
M-45 De 45 a 49 anos	F-45 De 45 a 49 anos
M-50 De 50 a 54 anos	F-50 De 50 a 54 anos
M-55 De 55 a 59 anos	F-55 De 55 a 59 anos
M-60 De 60 a 64 anos	F-60 De 60 a 64 anos
M-65 De 65 a 69 anos	F-65 De 65 a 69 anos
M-70 De 70 a 74 anos	F-70 De 70 a 74 anos
M-75 De 75 a 79 anos	F-75 De 75 a 79 anos
M-80 De 80 a 84 anos	F-80 De 80 a 84 anos
M-85 De 85 en adiante	F-85 De 85 en adiante

A nivel de equipos:

HOMES	MULLERES
M-35/M40 De 35 a 44 anos	F-35/+ De 35 en adiante
M-45/ + De 45 en adiante	

Os atletas poden baixar de categoría, sendo polo menos 2 dos atletas que puntúan no equipo da categoría na que se quere puntuar (a inferior). Un atleta poderá baixar de categoría para puntuar co seu equipo sempre que o manifeste a hora da inscrición, en caso contrario, puntuará co seu grupo de idade. Non se pode doblar. Non se permiten cambios o día da proba.

Art. 2) Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase en cada unha das 3 carreiras programadas.

Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas en cada carreira. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS

atleta quedase diante). Cada clube terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

Art. 3) DISTANCIAS E HORARIOS

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA APROX.
11:45	Veteranas	Mulleres	5500 metros
12:25	Veteráns (M35-M40)	Homes	7300 metros
13:10	Veteráns (M45 e seguintes)	Homes	5500 metros
14:00	Entrega de PREMIOS		

Art. 4) As inscricións farase na páxina web www.atletismogalego.org como máximo ata o mércores 30 de decembro ás 20:00 horas. Deberán reflexar os seguintes datos: **nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licencia federativa.** Para a inscrición por equipos é imprescindible reflexar o nome do clube e os compoñentes do mesmo cos datos persoais arriba indicados.

Art. 5) Os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 6) Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba, onde deberán acreditar a súa identidade (presentación de ficha federativa, DNI ou documento acreditativo).

Art. 7) A orde de colocación dos equipos participantes na saída realizarase por sorteo.

Art. 8) Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo coa normativa RFEA en vigor.



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS



CAMPIONATO GALEGO VETERANO DE PISTA CUBERTA

Art.1) A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato Galego de Veteráns de pista Cuberta que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o vindeiro domingo **día 10 de xaneiro** do 2010, en xornada de mañá e tarde.

Art.2) Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2009/10) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse na web www.atletismogalego.org ata o **luns día 4 de Xaneiro**. Unha vez recibidas as inscricións poderá modificarse o horario programándose unicamente aquelas probas nas que houbese un mínimo de 3 inscritos. **O horario definitivo circularase o mércores día 6 de xaneiro.**

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio o cumprimento de acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación.

Art.8) Nos concursos pasarán á mellora ás 8 mellores marcas obtidas por peso empregado, independentemente da categoría.

Art.9) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias non participase na ronda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.

Art.10) Limitacións de probas: Só poderán inscribirse nun máximo de tres probas, sendo soamente unha delas superior a 1000 metros. Só programaranse máis probas en caso de haber tres o máis atletas inscritos.



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS



Art.11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Art.12) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

HORARIO CAMPIONATO GALEGO VETERANOS						
MAÑAN						
800 m.l.	Mulleres	FINAIS	11.00	Pértega	Homes	FINAL
800 m.l.	Homes	FINAIS	11.20	Lonxitude	Mulleres	FINAL
50 m.l.	Mulleres	FINAIS	11.50			
50 m.l.	Homes	FINAIS	12.10			
400 m.l.	Mulleres	FINAIS	12.40	Lonxitude	Homes	FINAL
				Peso	Mulleres	FINAL
400 m.l.	Homes	FINAIS	13.00			
50 m.v.	Homes		13.30			
50 m.v.	Mulleres		13.40			
TARDE						
1.500 m.l.	Mulleres	FINAIS	16.00	Peso 4 Kg	Homes	FINAL
				Altura	H-M	FINAL
1.500 m.l.	Homes	FINAIS	16.20			
200 m.l.	Mulleres	FINAIS	16.50			
200 m.l.	Homes	FINAIS	17.10	Peso 7,260-6-5	Homes	FINAL
3.000 m.l.	Mulleres	FINAIS	17.45	Triplo	Homes	FINAL
3.000 m.l.	Homes	FINAIS	18.10			



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS

3. CAMPIONATO GALEGO VETERANO DE PROBAS COMBINADAS DE INVERNO

Art.1) Coa suficiente antelación circularase a sede e data do Campionato Galego de Probas Combinadas de Inverno. Este campeonato celebrarase segundo as normas reflexadas na súa regulamentación.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas veteranos que se atopen en calquer das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2008/2009) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., anque pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.4) As inscricións realizaránse na F.G.A. (FAX, nº: 981-29 20 56), como data límite o xoves da semana anterior á competición, ata as 20,00 horas, nos modelos oficiais. Tamén a traveso do correo electrónico: fgatletismo@telefonica.net.

Art.5) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez concluído este prazo, no se admitirá a participación do atleta.

Art.6) Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.7) Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. Asemade, tamén os números adicionais nas probas cronometradas automaticamente de velocidade e valados. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descalificación.

Art.11) Altura dos listóns: A altura inicial será a máis baixa solicitada polos participantes cas seguintes cadencias

Altura (Homes e Mulleres)	de 3 en 3 centímetros
Pértiga	de 5 en 5 centímetros



COMPETICIÓN DE ATLETAS VETERANOS



Art.12) Alturas dos valados, según categorías:

HOMES					
Categoría	Nº de valados	Altura	Distancia salida a 1ª valado	Distancia entre valados	Distancia última valado a meta
40-49	5	0,991	13,72	9,14	9,72
50-59	5	0,914	13,00	8,50	13,00
60-69	5	0,84	16,00	8,00	12,00
70-79	5	0,762	12,00	7,00	20,00
80 y +	5	0,68	12,00	7,00	20,00
MULLERES					
35-39	5	0,84	13,00	8,50	13,00
40-49	5	0,762	13,00	8,00	16,00
50-59	5	0,762	12,00	7,00	20,00
60 y +	5	0,68	12,00	7,00	20,00

Art.13) Peso dos artefactos:

Peso Homes		Peso Mulleres	
40-49	7,260 Kg	35-49	4,00 Kg
50-59	6,00 Kg	50 e máis	3,00 Kg
60-69	5,00 Kg		
70 e máis	4,00 Kg		

Art.14) O horario do Campionato farase en función do número de participantes.

Art.15) Todo o non disposto no presente Regulamento resolveráse dacordo cas normas da I.A.A.F.